

PROPOSTA DE ORDE PARA A ACREDITACIÓN DA COMPETENCIA DIXITAL DOCENTE

ORDE xx, de xx de xx de 2023, pola que se regula o procedemento para a acreditación da competencia dixital docente no ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Lei Orgánica 3/2020, do 29 de setembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece no seu apartado 5 do artigo 111bis que, «as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe. As Administracións educativas deberán establecer as condicións que fagan posible a eliminación no ámbito escolar das situacións de risco derivadas da inadecuada utilización das TIC, con especial atención ás situacións de violencia na rede. Fomentarase a confianza e seguridade no uso das tecnoloxías prestando especial atención á desaparición de estereotipos de xénero que dificultan a adquisición de competencias dixitais en condicións de igualdade». Así mesmo, a citada Lei Orgánica 3/2020, modifica o apartado 6 do devandito artigo 111bis nos seguintes termos: «o Ministerio de Educación e Formación Profesional elaborará e revisará, previa consulta ás Comunidades Autónomas, os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas». En consecuencia, a Resolución do 4 de maio de 2022, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, publicou o Acordo da Conferencia Sectorial de Educación, polo que se actualiza o marco de referencia da competencia dixital docente, que establece os niveis de acreditación da competencia dixital docente.

De igual forma, de conformidade co artigo 102.1 da Lei Orgánica 3/2006, do 3 de maio, de Educación, determínase que «a formación permanente constitúe un dereito e unha obrigaición de todo o profesorado e unha responsabilidade das Administracións educativas e dos propios centros». Á súa vez, o artigo 102.3 da citada lei dispón que «as Administracións educativas promoverán a utilización das tecnoloxías da información e a comunicación e, a formación tanto en dixitalización como en linguas estranxeiras de todo o profesorado, independentemente da súa especialidade, establecendo programas específicos de formación nestes ámbitos».

Neste contexto, o artigo 83.2 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, dispón que «o profesorado recibirá as competencias dixitais e a formación necesaria para o ensino e transmisión dos valores e dereitos referidos no apartado anterior». Neste sentido, a Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e a adolescencia fronte á violencia, no seu artigo 33 de formación en materia de dereitos, seguridade e responsabilidade dixital establece que «as administracións públicas garantirán a plena inserción do alumnado na sociedade dixital e a aprendizaxe dun uso dos medios dixitais que sexa seguro e respectuoso coa dignidade humana, os valores constitucionais, os dereitos fundamentais e, particularmente co respecto e a garantía da intimidade persoal e familiar e a protección de datos persoais, conforme ao previsto no artigo 83 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Especificamente, as administracións públicas promoverán dentro de todas as etapas formativas o uso adecuado da internet».

Por iso, a Conferencia Sectorial de Educación chegou aos acordos sobre actualización do marco de referencia da competencia dixital, por Resolución do 4 de maio de 2022 da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, publicado no BOE do 16 de maio, e sobre a certificación, acreditación e recoñecemento da competencia dixital docente por Resolución do 1 de xullo de 2022 da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, publicado no BOE do 12 de xullo.

De conformidade coas devanditas Resolucións, esta orde, ditada pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, como Administración educativa á que compete o desenvolvemento normativo no seu ámbito exclusivo de xestión, regula o procedemento para a acreditación da competencia dixital docente.

O Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia establece que a formación permanente é un elemento clave da profesión docente. Organizarase a través de itinerarios formativos para dar unha resposta adaptada ás necesidades do profesorado ao longo da súa vida profesional e ás demandas institucionais, que deberán incluír formación específica sobre a utilización das tecnoloxías da información e comunicación no ensino.

Así mesmo o Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais, da Consellería de Facenda e Administración Pública, establece na Disposición adicional única, “Competencias dixitais docentes no sistema educativo galego” que a avaliación, recoñecemento, acreditación e rexistro das competencias dixitais docentes no ámbito do sistema educativo galego corresponderá á consellería competente en materia de educación, que terá en conta o marco de referencia establecido na Resolución do 2 de xullo de 2020, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Educación sobre o marco de referencia da competencia dixital docente e de acordo co establecido na normativa de aplicación en materia de educación e formación.

Así pois, en virtude do exposto e no uso das funcións que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades ten atribuídas,

DISPÓÑO:

Artigo 1. Obxecto

O obxecto desta orde é regular o procedemento para a acreditación da competencia dixital docente no ámbito de xestión da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, rexéndose polos principios básicos comúns acordados polas Administracións educativas no Acordo da Conferencia Sectorial de Educación sobre a certificación, acreditación e recoñecemento da competencia dixital docente, publicado no BOE do 12 de xullo por Resolución do 1 de xullo de 2022.

Artigo 2. Ámbito de aplicación

Esta orde será de aplicación ao persoal docente non universitario en exercicio, en servizo activo ou en excedencia, de todos os centros educativos sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que imparten ensinanzas non universitarias no seu ámbito de xestión.

Artigo 3.- Requisitos dos destinatarios para a participación.

Poderá participar neste procedemento o persoal docente que se atope nalgunha das seguintes situacións:

- a. Ser funcionario docente de ensinanzas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación en servizo activo ou que se atope en calquera das situacións administrativas descritas no Título VI, artigos 85-91, do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- b. Estar a impartir ensinanzas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación nun centro sostido con fondos públicos ou atoparse nalgunha situación que poida ser asimilada ás descritas nos apartados 1 e 2.
- c. Funcionarios docentes adscritos aos Programas de Acción Educativa no Exterior do Ministerio de Educación e Formación Profesional.

Artigo 4. Principios Xerais

1. A acreditación da competencia dixital docente efectuarase por unha das seguintes modalidades descritas na presente orde: certificación da formación, superación de proba específica, títulos oficiais que habiliten para a función docente, avaliación a través da observación do desempeño ou análise e validación de evidencias.
2. Os devanditos procedementos de acreditación realizaranse de conformidade cos principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade.
3. Tomaranse como referencia as áreas, competencias, etapas, niveis de progresión e indicadores de logro descritos no marco de referencia da competencia dixital docente (MRCDD) vixente, actualizado pola Resolución do 4 de maio de 2022.
4. Para a acreditación dun nivel da competencia dixital docente (A1, A2, B1, B2, C1, C2) poderase utilizar algún dos procedementos sinalados na presente orde, ou unha combinación de varios deles.
5. O procedemento mediante a formación certificada realizarase de oficio pola Administración, e terase en conta a información xa rexistrada e validada no rexistro da formación permanente do profesorado da Xunta de Galicia. Para os efectos desta orde, as actividades rexistradas en FProfe e cuxa duración sexa de 10 ata 19 horas, e que se desenvolveron ao longo de varias días, consideráanse baixo a modalidade “curso”.
6. Todas as actividades formativas presentadas para solicitar a súa homologación e rexistro deberán establecer de forma explícita as áreas e competencias do MRCDD vixente que cobren.
7. A acreditación das áreas no nivel C polo desempeño de roles e postos docentes que determine a Consellería, será realizada de oficio por esta. O resto de procedementos sinalados levaranse a cabo mediante as oportunas convocatorias, que polo menos será unha por curso escolar.

Artigo 5. Convocatorias

A persoa titular da DX competente en materia de formación do profesorado convocará os diferentes procedementos de acreditación, para os cales se determinarán os seguintes aspectos:

- Destinatarios-e requisitos de participación.

- Elección de modalidades de participación e niveis solicitados.
- Número de prazas ofertadas en cada modalidade.
- Calendarios e prazos de solicitude, alegacións e resolucións provisionais e definitivas.
- Programación e condicións de realización.
- Documentación precisa.

Artigo 6. Comisións de acreditación da competencia dixital docente.

A convocatoria de determinados procedementos de acreditación poderá incluír a constitución de comisións de acreditación con indicacións para a súa selección, funcións e composición.

A presidencia da comisión de acreditación trasladará á persoa competente os resultados definitivos obtidos polas persoas solicitantes (acredita/non acredita e nivel de competencia dixital docente acreditado).

Artigo 7 . Rexistro da acreditación da competencia dixital docente.

Para cumprir co obxecto desta orde, crearase o rexistro de acreditación da competencia dixital docente, que se integrará no Rexistro de Formación permanente do profesorado da Xunta de Galicia (da Conselleira de Cultura, Educación, FP e Universidades), permitindo a súa actualización continua.

Artigo 8. Modelo de acreditación.

A acreditación deberá utilizar o modelo oficial establecido pola Conselleira de Cultura, Educación, FP e Universidades no Anexo x da presente orde, incluíndo os seguintes apartados:

- “Acreditación do nivel de competencia dixital docente” como denominación da acreditación.
- Referencia á presente Orde.
- Procedementos de acreditación empregados.
- Nivel de competencia dixital docente recoñecido: A1, A2, B1, B2, C1, C2.
- “Conselleira de Cultura, Educación, FP e Universidades” como responsable da expedición da devandita acreditación.
- Datos da persoa interesada (nome, apelidos, DNI).
- Data de expedición.
- Código de validación (CSV).

No caso de acreditación do nivel C2 da competencia dixital, incluírase unicamente a referencia a unha área do MRCDD coas súas correspondentes competencias e indicadores de logro.

Artigo 9. Modalidades de acreditación por niveis da competencia dixital docente.

As modalidades de acreditación da competencia dixital docente suxeitas ao procedemento establecido na presente orde son as seguintes:

Nivel de CDD	Modalidades do procedemento
A1	1. Certificación da formación. Unha ou varias actividades formativas cunha duración total mínima de 40 horas, exceptuando congresos e xornadas, recoñecidas para este fin pola Administración educativa, que atendan a todas as áreas dun nivel A1 no desenvolvemento das competencias do MRCDD vixente. 2. Superación de proba específica de acreditación.

	Proba específica de acreditación que atenda a un nivel A1 no desenvolvemento das competencias do MRCDD vixente, cubrindo todas as áreas e, polo menos, o 80% dos indicadores do MRCDD vixente. 3. Títulos oficiais que habiliten para a profesión docente (Grao en mestre en Educación Infantil, Grao en mestre en Educación Primaria, Máster universitario de formación do profesorado de secundaria, cursos de especialización didáctica para profesores técnicos de FP, etc.), as mencións sobre tecnoloxías educativas nos Graos de mestre e máster oficial universitario en materia de competencia dixital docente para o uso das tecnoloxías na aula; sempre que cubran todas as áreas dun nivel A1 no desenvolvemento das competencias do MRCDD vixente e, polo menos, o 80% dos indicadores do MRCDD vixente.
A2	1. Certificación da formación. Unha ou varias actividades formativas cunha duración total mínima de 50 horas, exceptuando congresos e xornadas, recoñecidas para este fin pola Administración educativa, que atendan a todas as áreas dun nivel A2 no desenvolvemento das competencias do MRCDD vixente. 2. Superación de proba específica de acreditación. Proba específica de acreditación que atenda a un nivel A2 no desenvolvemento das competencias do MRCDD vixente, cubrindo todas as áreas e, polo menos, o 80% dos indicadores do MRCDD vixente. 3. Títulos oficiais que habiliten para a profesión docente (Grao en mestre en Educación Infantil, Grao en mestre en Educación Primaria, Máster universitario de formación do profesorado de secundaria, cursos de especialización didáctica para profesores técnicos de FP, etc.), as mencións sobre tecnoloxías educativas nos Graos en mestre e máster oficial universitario en materia de competencia dixital docente para o uso das tecnoloxías na aula; sempre que cubran todas as áreas dun nivel A2 no desenvolvemento das competencias do MRCDD vixente e, polo menos, o 80% dos indicadores do MRCDD vixente.
B1	1. Certificación da formación. Unha ou varias actividades formativas cunha duración total mínima de 70 horas, exceptuando congresos e xornadas, recoñecidas para este fin pola Administración educativa, que atendan a todas as áreas dun nivel B1 no desenvolvemento das competencias do MRCDD vixente. 2. Superación de proba específica de acreditación. Proba específica de acreditación que atenda a un nivel B1 no desenvolvemento das competencias do MRCDD vixente cubrindo todas as áreas e, polo menos, o 80% dos indicadores do MRCDD vixente. 3. Avaliación a través da observación do desempeño (será de obrigatorio cumprimento no caso de que os certificados de formación non demostren evidencia da súa posta en práctica): Superación dunha avaliación do nivel B1 do MRCDD vixente, a través da observación do desempeño, seguindo unha guía de avaliación pública que determinen as Administracións educativas, no ámbito das súas competencias.
B2	1. Certificación da formación. Unha ou varias actividades formativas cunha duración total mínima de 80 horas, exceptuando congresos e xornadas, recoñecidas para este fin pola Administración educativa, que atendan a todas as áreas dun nivel B2 no desenvolvemento das competencias do MRCDD vixente. 2. Superación de proba específica de acreditación. Proba específica de acreditación que atenda a un nivel B2 no desenvolvemento das competencias do MRCDD vixente cubrindo todas as áreas e, polo menos, o 80% dos indicadores do MRCDD vixente.

	3. Avaliación a través da observación do desempeño (será de obrigatorio cumprimento no caso de que os certificados de formación non demostren evidencia da súa posta en práctica): Superación dunha avaliación do nivel B2 do MRCDD vixente, a través da observación do desempeño, seguindo unha guía de avaliación pública que determinen as Administracións educativas no ámbito das súas competencias.
C1	Para acreditar o nivel habrá que cubrir todas as áreas e, polo menos, o 80% dos indicadores do nivel C1 do MRCDD vixente. Farase a través dun dos seguintes procedementos: 1. Avaliación a través da observación do desempeño. Superación dunha avaliación do nivel C1 do MRCDD vixente a través da observación do desempeño seguindo a guía de avaliación pública que determinen as Administracións educativas, no ámbito das súas competencias. 2. Acreditación por un proceso de análise e validación das evidencias compatibles cos indicadores do nivel C1 do MRCDD vixente. Terán consideración de evidencias e deberán documentarse e estar especificamente relacionadas coas competencias dixitais docentes: – Coordinación TIC ou posto equivalente. – Os premios nominais outorgados polas Administracións educativas. – As publicacións con NIPO e/o ISBN, ISSN, DOI ou URL. – A coordinación de proxectos de formación en centros. – A participación en accións formativas en calidade de titor/a ou relator. – A participación en proxectos colectivos de investigación e de innovación. – Así como calquera outra evidencia que acredite o nivel C1.
C2	Poderase acreditar o nivel C2 por áreas, sempre que cubra polo menos o 80% dos indicadores de esa área, e a través dos seguintes procedementos: 1. Avaliación a través da observación do desempeño: Superación dunha avaliación do nivel C2 do MRCDD vixente a través da observación do desempeño seguindo a guía de avaliación pública que determinen as Administracións educativas no ámbito das súas competencias. 2. Acreditación por un proceso de análise e validación das evidencias compatibles cos indicadores do nivel C2 do MRCDD vixente. Terán consideración de evidencias e deberán documentarse e estar especificamente relacionadas coas competencias dixitais docentes: – Os premios nominais outorgados polas <u>Administracións educativas</u> – As publicacións con NIPO e/o ISBN, ISSN, DOI ou URL. – A participación como relatora en congresos de ámbito autonómico, nacional e internacional. – A coordinación e autoría de proxectos de investigación e de innovación educativa. – Os recoñecementos por parte das Administracións educativas de implementar melloras significativas no ámbito educativo. – Currículo para avaliar a traxectoria profesional. – Así como calquera outra evidencia que acredite o nivel C2.

O nivel da competencia dixital docente será obxecto de actualizacións automáticas periódicas conforme se incorpore nova formación realizada ou a superación dalgún nivel por algún dos procedementos establecidos.

Os docentes poderán comprobar, na súa área privada de FProfe, o seu estado de acreditación en relación coas áreas e niveis do marco de referencia da competencia dixital docente segundo as especificacións detalladas anteriormente.

Disposición adicional primeira. Acreditación de docentes de centros educativos galegos non dependentes da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que impartan ensinanzas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación.

Para os docentes en activo dos centros sinalados, a Consellería establecerá as oportunas convocatorias para que poidan achegar a documentación necesaria que permita obter a acreditación nalgún dos niveis establecidos.

Disposición adicional segunda. Acreditacións doutras Administracións educativas.

En todos os casos as acreditacións terán carácter oficial e validez en todo o territorio nacional. De igual forma, consideraranse equivalentes e, polo tanto, recoñeceranse como tales, as acreditacións da competencia dixital docente doutras Administracións educativas do ámbito estatal, que estean baseadas no Acordo de Conferencia Sectorial de Educación sobre a certificación, acreditación e recoñecemento da competencia dixital docente publicado por Resolución do 1 de xullo de 2022, da Dirección Xeral de Avaliación e Cooperación Territorial.

Así mesmo, terán a consideración e recoñecemento que se determine nos diferentes procedementos de concursos de méritos e similares.

Disposición adicional terceira. Acreditacións doutras Administracións da Xunta de Galicia

Esta acreditación poderá ser validada, segundo se determina coa competencia dixital cidadá tal como se recolle na disposición adicional única do Decreto 123/2021, do 2 de setembro, polo que se regula o Marco galego de competencias dixitais e a certificación galega en competencias dixitais.

Disposición adicional cuarta. Protección de datos persoais.

1. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades da Xunta de Galicia, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste procedemento.

2. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa aplicable e as referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

3. As persoas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

4. No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, xeral de protección de datos ou a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Disposición final primeira. Aplicación.

Autorízase á persoa titular da Dirección Xeral competente en materia de formación do profesorado para ditar cantas resolucións procedan para a aplicación do disposto nesta orde.

Disposición final segunda. Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no “Diario Oficial de Galicia”.



Confederación Intersindical Galega

ENSINO